



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

*Travesa dos Basquiños, 9, baixo
15.704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo-e: adeqa@adeqa.gal
Páxina electrónica: www.adeqa.gal*

DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS

Fins Eirexas Santamaría, con DI [REDACTED], secretario técnico de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, apresenta ao documento “Estratexia Galega de Economía Circular” Galiza as seguintes,

ALEGACIÓNS

Liña estratéxica de Educación e Sensibilización:

No ámbito de Educación e Sensibilización non se menciona ningunha actuación específica sobre os fogares e a vivenda. O feito de deixar a loita contra o cambio climático fora da EGED réstalle integralidade e transversalidade a liñas de actuación como a de Educación e sensibilización, xa que nas actuais sociedades de consumo como a galega, unha parte moi significativa do impacto ambiental xérase no ámbito da vivenda e do consumo diario. Por iso, resulta de grande importancia a integración das accións de Educación e Sensibilización no ámbito da vivenda para atender de xeito conxunto a aspectos tais como a xeración de residuos (actuando sobre os hábitos de compra e segregación dos residuos no fogar para a redución en orixe), o aforro de auga (actuando sobre os hábitos e os equipamentos eficientes de baixo custo), e o aforro de enerxía, entre outros.

Con este obxectivo, propoñemos incorporar dúas propostas nesta liña de actuación, unha primeira relativa á descarbonización da sociedade galega, que xustifica a integración dos temas de enerxía no ámbito da educación, e unha segunda máis específica relativa a educación e sensibilización nos fogares, seguindo o modelo de Fogares Verdes e as experiencias que ADEGA xa ten levado a cabo en anos anteriores. De feito, na pax. 80 do documento aparece indicada unha quinta liña de actuación “A educación e o seu papel na descarbonización da sociedade galega”, que despois non aparece recollida

na táboa das liñas programáticas nen tampouco nas propostas que debruza o Plano de acción 2020-2030. Descoñecemos os motivos polos que esta liña de actuación foi eliminada do documento, mais se tal proposta foi elaborada polas universidades, solicitamos coñecer os seus contidos para poder valorar a conveniencia da súa inclusión.

Liña estratéxica de Xestión do Ciclo da Auga:

Tanto no diagnóstico como nas propostas de actuación deste eixo non se menciona nin se ten en conta o ámbito do fogar e a vivenda. Tampouco se menciona a educación e sensibilización dos axentes implicados no uso e consumo de auga. Este último aspecto non se pode considerar atendido pola existencia do eixo específico de Educación e Sensibilización, xa que este refírese a liñas específicas como a educación formal e non formal. Así, bótase en falta unha proposta de actuación co obxectivo de mellorar a xestión da auga e conseguir a redución do consumo a través do cambio de hábitos, da sensibilización e da introdución de tecnoloxías e equipamentos de uso da auga eficientes e de baixo custo.

A idoneidade dos *“sistemas descentralizados versus sistemas de tratamento centralizados”* menciónase na pax. 59. Porén, na relación de medidas de actuación proposta non se ten isto axeitadamente en conta. A medida 7.1.2 leva no título *“Desenvolver e implantar infraestruturas verdes tales como os sistemas desaneamento ecolóxico e drenaxe urbano sostible (SUD)”* mais o seu desenvolvemento limitase á depuración descentralizada e en infraestruturas verdes das augas de escorrentía.

Os sistemas de fitodepuración de efluentes residuais domésticos e doutro tipo, por exemplo a través de humidais construídos, que tiveron e seguen a ter un forte desenvolvemento en toda Europa e noutros países son aínda moi incipientes en Galiza¹, e atopamos que a EGED non os fomenta nin os menciona. Particularmente na depuración de efluentes de núcleos e vertidos de até 2000 habitantes equivalentes deberían fomentarse os sistemas de depuración descentralizados, con tecnoloxías naturais, extensivas e de baixo custo. Estes obxectivos deberían introducirse nas actuais directrices técnicas para obras de saneamento en pequenas aglomeracións no medio rural da administración hidráulica de Galicia, aspecto que a estratexia tampouco contén.

En relación á proposta 7.2.1, relativa a recarga de acuíferos con augas rexeneradas pensamos que non debe ser esta a liña fundamental para reutilización das augas residuais tratadas, criando riscos moi fortes de contaminación adicional das augas subterráneas. A calidade das augas rexeneradas debería ser maior como tamén as garantías de cumprimento das boas prácticas en relación aos ciclos puramente artificiais de rexeneración e uso de augas.

A proposta 7.2.2 ten o obxectivo de *“Crear modelos de xestión e infraestruturas que permitan o reemprego de augas superficiais”*, mais refírese a pequenas masas de auga como pequenos ríos e regatos. A proposta e o diagnóstico non parten da realidade galega na que o abastecemento no rural tivo lugar tradicionalmente mediante sistemas descentralizados a partir de fontes de auga

¹ Ver o artigo de Cerns: http://www.adeга.gal/media/documentos/humidais_artificiais.pdf

subterránea, que aínda hoxe seguen operativos en boa medida. O potencial das augas subterráneas en Galicia ten sido posto de manifesto como moi importante, en particular para o abastecemento, pero sistematicamente esquecido pola administración hidráulica², e a EGEC non resolve este problema. Aliás, no título da proposta fálase de “reemprego” cando no seu desenvolvemento so fala de uso de recursos virxes.

Liña estratéxica de Xestión de Residuos:

O eixo de actuación relativo aos residuos falla tanto na diagnose como nos obxectivos así como nalgúns aspectos das propostas de actuación.

A **diagnose** contén unha louvanza do modelo SOGAMA que como é ben sabido apártase completamente da economía circular ao basearse na incineración de residuos e nunha economía de escala que favorece a xeración de máis residuos en contra dos obxectivos de minimización. Os resultados do modelo SOGAMA, mesmo en comparación cos doutros modelos existentes en Galiza como Nostián e Barbanza, son moi inferiores en recollida separada, reciclaxe e compostaxe. O dito diagnóstico carece da necesaria análise de resultados comparativamente destes tres ámbitos.

Chama a atención que neste apartado se amose evolución das cifras de reciclaxe, estancadas desde 2010 a 2018, ou mesmo baixando do 14 ao 12% de reciclaxe de residuos urbanos (Gráfico 2, pax. 64), e non se cuestione o modelo de SOGAMA e os obxectivos de incineración do lixo. Se as universidades participaron na elaboración da estratexia, deberíaselles supor suficiente coñecemento para aplicar uns sinxelos balances de masas e acadar un diagnóstico máis rigoroso da situación actual e das necesidades para converxer nos obxectivos da economía circular.

De acordo coa Figura 2 (pax. 11), a estratexia asume un concepto de Economía Circular (apartado 1.1., pax. 8 e seguintes) do que fica claramente excluído a incineración, como tamén está excluído do paquete de directivas sobre economía circular da UE. Porén, contraditoriamente, a EGEC avala o actual sistema de xestión e tratamento de residuos ao non identificar nin dar pautas para a desviación de residuos hoxe destinados á incineración. Tampouco se considera a aplicación de instrumentos económicos como os impostos ao vertido e incineración de residuos, alternativa que en función do principio de quen contamina paga, debería constituír unha das orixes principais dos fondos para o desenvolvemento da EGEC.

Na diagnose deste apartado da EGEC tamén falla a identificación dos proxectos e experiencias de xestión avanzada de residuos dentro do ámbito SOGAMA, como están a ser algúns concellos no que se refire a recollida separada e compostaxe local, como poden ser os concellos de Cerdedo³, Allariz⁴, Piñor de Cea⁵, ou máis recentemente o proxecto Revitaliza da Deputación de Pontevedra⁶. Así, non

² Ver “Xestión e usos das augas subterráneas situación e perspectivas en Galiza”. Javier Samper. En “O tempo dos ríos”. Coord. por Francisco Javier Martínez Gil, Manuel Soto, 2006, ISBN 84-9749-207-2, páxs. 249-260)

³ http://www.adega.gal/media/documentos/compostaxe_cerdedo.pdf

⁴ http://www.adega.gal/media/documentos/compostaxe_allariz.pdf

⁵ http://www.adega.gal/media/documentos/C62-P13_14.pdf

sorprenden as valoracións aparecidas na prensa de que estes ámbitos xa compren os obxectivos 2030 da estratexia galega, a pesar de estaren moi lonxe dos obxectivos que para o mesmo ano fixan as directivas comunitarias. Concordamos pois en que os medios postos pola EGEC non permitirán acadar os obxectivos aos que nos obriga a UE para 2030 en materia de tratamento de residuos.

A diagnose sobre a xestión de residuos industriais é aínda máis pobre. O texto indica que *“Galicia conta con 687 instalacións nas que se xestionan e tratan residuos industriais (Figura 3), das cales 201 son de almacenamento, 88 de clasificación, 369 de valorización, e 29 son instalacións de eliminación, sumando preto de 11 millóns de toneladas de capacidade de xestión.”* Alén de que a Figura 3 non aparece no documento (a da páxina 25 refírese a outra cuestión), debería valorarse se tanto o número de instalacións mencionado como a capacidade instalada, que multiplica por 4 a xeración declarada na Táboa 4 (pax. 67), son claramente excesivas e podería ser unha causa do caos actual na xestión de residuos, con problemas de como os asociados ao vertedoiro de Miramontes en Compostela, entulleira de Touro, e outros moitos, incluíndo frecuentes accidentes. Mentres isto ocorre, novos proxectos en como o proposto para Teo seguen a alarmar a opinión pública. O comportamento do sector está lonxe de ser un exemplo de boa xestión, transparencia e respecto ás normas de protección ambiental, e a EGEC non achega nada no sentido de resolver ou avanzar na mellora desa situación.

Na pax.- 67 afirmase que *“En relación á evolución existente no tratamento dos residuos industriais obsérvase que a xestión maioritaria foi a xestión de valorización material fronte a eliminación. Os datos mostran que no ano 2016 a xestión de valorización alcanzou unha porcentaxe do 85% fronte o 15% na xestión por eliminación.”* Mais os datos mencionados non aparecen na EGEC, e non se cita ningunha referencia ou fonte para consultalos, un exemplo máis da falta de coherencia na redacción.

Mais o importante é que só se dá o dato de porcentaxe de valorización e por diferenza o de eliminación. Consultando o PRIGA, podemos comprobar efectivamente que non hai datos de reciclaxe de residuos industriais, e que a administración pública galega segue instalada nunha xerarquía de dous niveis, valorización e eliminación, que segundo a normativa de residuos en vigor desde 1998 son só os dous elos finais da xerarquía oficial. Non hai datos coñecidos sobre prevención, reutilización e reciclaxe de residuos industriais, que son os obxectivos da Economía Circular (pois valorización enerxética e eliminación fican fora dese modelo), e o borrador da EGEC non o resolve nin propón resolver este problema.

Na páx. 93 preséntanse as **liñas de actuación** en xestión de residuos, onde chama a atención os seguinte parágrafo: *“Para romper modelo tradicional de usar e tirar son imprescindíbeis os instrumentos económicos aplicados á xestión dos residuos. Desde a aplicación do principio de que contamina paga e quen esgota recursos paga, ao uso dos gravames a todos os materiais que acaban en destinos que non son os da economía circular, se ben é preciso facelo en coherencia co resto do Estado.”* Coincidimos na necesidade e mesmo na urxencia deses instrumentos. Mais non sabemos que se quere dicir con iso de *“facelo en coherencia co resto do Estado”*. Son xa moitas as CC.AA. que teñen adoptado ese tipo de instrumentos, mentres Galiza segue paralizada e ancorada nunha xestión ineficaz dominada pola incineración e o vertido. A coherencia co resto do estado determínaa a lexislación

⁶ http://www.adega.gal/media/documentos/revitaliza_def.pdf

básica (do Estado e Europa) que fixa o marco no que eses instrumentos pode ser adoptados. Mais ben semella que hai quen entende por coherencia o de ir a cola do Estado español en prevención, en reutilización e en reciclaxe, como os datos actuais poñen de manifesto. O actual borrador de Lei de residuos de Galiza⁷, que xa pasou o proceso de exposición pública, así o demostra, como tamén demostra a falta de alcance real do contido da proposta 8.1.1 do borrador de estratexia (pax. 160).

Apoiamos a aplicación urxente da proposta 8.1.3 *“Aplicar instrumentos económicos con obxectivos ambientais na xestión de residuos”*, manifestando que nas condicións galegas só pode ser viable se se aplica por igual a vertido e a incineración. Por iso, na primeira liña do obxectivo debería dicir *“Avaliar o establecemento de gravames finalistas á eliminación de residuos, así como á incineración e a aqueles outros”*. E non esquecemos apuntar que a propia EGEC debería ter resolto a decisión da conveniencia de aplicar eses instrumentos, habida conta da participación das universidades na súa elaboración, e non deixar a medida na realización dos estudos de avaliación etc. Isto xunto co contido da Lei de Residuos en tramitación é mostra da falta de vontade na aplicación deste tipo de instrumentos, e indicador de que se concibe esta estratexia como un trámite formal e un medio propagandístico máis. A recente redución por parte da Xunta do canon de SOGAMA sen diferenciación da calidade da separación en orixe nin do destino dos residuos só pode ser valorado como unha medida contraria aos obxectivos da economía circular e mesmo desta estratexia.

Apoiamos a proposta 8.2.1 relativa a *“Promover novos modelos de recollida separada de residuos urbanos”*, se ben consideramos que a experiencia existente noutros ámbitos debe decantarnos polo modelo porta a porta e non polo modelo de quinto contedor. O modelo de quinto contedor é innecesario xa que sendo máis complexo que o modelo de 4 contedores existente nos ámbitos Nostián e Barbanza, non achega nada novo, agás o “luxo” de recoller nun único contedor os residuos pertencentes a Ecoembes. Mais iso non é necesario por razóns ambientais nin de eficiencia, xa que toda a fracción seca é compatible e así se ten demostrado nos ámbitos Nostián e Barbanza que multiplican varias veces as cifras de recuperación de residuos de envases do ámbito SOGAMA. Por outra banda, colaboración cos concellos non se debe considerar como unha posibilidade senón como algo imprescindible para acadar avances, facilitando como mínimo os recursos económicos precisos, e dos que os concellos carecen. Estes recursos deberían vir da aplicación urxente do imposto ao vertido e a incineración.

Na páx. 93 de presentación das liñas de actuación en xestión de residuos, chama a atención os seguinte parágrafo: *“A metade do lixo está constituída polos restos de alimentos e de vexetación. O aproveitamento e reciclaxe desta fracción tan importante, separándoa sempre dos demais residuos, pasa pola súa compostaxe (no seu caso, combinada coa obtención de biogás) e a utilización do compost como fertilizante de alta calidade.”* Neste sentido, a proposta 8.3.1 relativa a *“Promover a compostaxe doméstica e comunitaria”*, é na nosa opinión claramente insuficiente, pois establece un obxectivo de atinxir o 15% dos bioresiduos cando o seu potencial é moito maior. Sen buscar moi lonxe, o plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra ten como obxectivo alcanzar por esta vía máis do 30% dos bioresiduos xerados no ámbito. E porque falta claramente outra liña complementaria, como é a compostaxe en pequenas plantas comarcais, para os ámbitos máis urbanos.

⁷ http://www.adega.gal/media/documentos/Alegacions_LEI_RESIDUOS_2019.pdf

Diversas novas apuntan a que a Xunta vai promover a compostaxe de residuos urbanos en plantas de compostaxe da industria, o que valoramos negativamente pola escasa viabilidade desta medida. No mesmo sentido, o PXRUG que xa prevía diversas plantas de compostaxe comarcal, mostrouse claramente fracasado. A estratexia non analiza este fracaso e simplemente esquece o tema de como avanzar na compostaxe en Galiza. A ausencia de propostas de simbiose campo-cidade en materia de bioresiduos chama a atención nunha estratexia que se autodefine de “economía circular”.

Por todo o exposto, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) solicita que se teñan en conta as anteditas alegacións ao documento “Estratexia De Economía Circular de Galicia 2020-2030”.

Compostela, 7 de setembro de 2019

Asdo. Fins Eirexas, secretaría técnica de ADEGA